

Recibirao unha “comitiva surrealista” o día 21

Belas Artes exporá un mural que Lugrís pintou na parede dun piso en Madrid

‘Visión da Coruña 1830’, unha obra similar á do Veccio, visitará a cidade por primeira vez

Gemma Malvido

A CORUÑA

O Museo de Belas Artes ten un novo tesouro que amosar á cidade. Fala do seu pasado, pero desde a distancia, porque foi concebido nunha parede de Madrid. Urbano Lugrís pintou *Visión da Coruña 1830* no piso dun familiar, é unha obra similar á que está no bar Vecchio, pero, a diferenza deste, o mural pasou por un proceso de restauración do que adoce o da rúa Real.

Segundo conta Xurxo Souto, da plataforma In Nave Civitas, que nace para honrar a figura do artista, unha vez que este familiar de Lugrís deixou a vivenda en Madrid,

cedeu o mural ao Museo de Belas Artes, que tivo que extraer a parede para poderla tratar e para regalarlle á cidade a visión do autor sobre a súa cidade. A benvinda á Coruña daralla unha “comitiva surrealista” o día 21 de decembro.

Desde as seis da tarde, na explanada do museo, todos os que queiran poderán participar desta homenaxe a Lugrís, pintando paraugas, vestíndose de buzos ou facendo calquera tolemia que puidese ter saído dunha obra do home que abreu unha fiestra á Coruña nunha parede de Madrid.

Este 21 de decembro terá cousas bonitas, coma esta benvinda á obra de Lugrís, que estará acompañada



Cesáreo Sánchez e Xurxo Souto, onte, na librería Nova Colón. / 13FOTOS

da lectura dunha *Oda da Arribada*, interpretada polo escritor Rodrigo Osorio. Mais, haberá tamén espazo para a lembranza e para a saudade, porque se cumpren tamén corenta anos do pasamento de Lugrís.

Logo da benvinda á obra, o desfile popular percorrerá as rúas da cidade entonando o berro *Menos derrotismo e máis surrealismo*. “É un pequeno delirio”, explica Xurxo

Souto. Esta actividade pretende reivindicar a figura de Lugrís, chamar a atención para que a súa obra non se perda e para que o talento do artista non se esqueza. “Lugrís protestaba en forma de beleza”, recorda Xurxo Souto, que asegura que a manifestación surrealista —con paraugas decorados incluídos— viaxará polas rúas de Pescadería até chegar á praza Sellier, pre-

to, moi preto, da que foi a vivenda de Lugrís na cidade. Alí haberá un recital poético, no que o surrealismo será o protagonista.

Será a cuarta edición do Día de Urbano Lugrís, unha actividade que xorde da man do colectivo literario In Nave Civitas e a Asociación de Escritores en Lingua Galega para lembrar a figura de Lugrís e celebrar o seu reencontro coa cidade.